

PROGRAMA XERAL DE MOBILIDADE

Bolsas para estadias de PDI de fóra do EEES

Convocatoria 2023

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través da Oficina de Mobilidade, convoca bolsas para estadias de Persoal Docente e Investigador (PDI) estranxeiro no marco dos convenios bilaterais de intercambio para PDI vixentes con universidades e institucións de Educación Superior de países non pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

2. ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

A convocatoria está destinada a subvencionar estadias de PDI procedente de institucións socias co fin de impartir docencia na USC, preparar proxectos conxuntos de investigación e/ou cooperación, realizar actividades de cooperación ou investigación conxunta ou outras actividades académicas de relevancia.

Só se concederán bolsas ao PDI que proveña de universidades que contén cun convenio bilateral específico de intercambio de PDI vixente coa USC. Só se poderá solicitar un máximo de 2 bolsas por universidade socia.

As bolsas concederanse por un período mínimo de 2 semanas e máximo de 4 semanas. Os desprazamentos deberán iniciarse antes do 30 de novembro de 2023 e finalizar antes do 15 de decembro de 2023.

3. DOTACIÓN DAS BOLSAS

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización destinará a esta actividade un orzamento máximo de vinte mil euros (20.000 €) na convocatoria de 2023.

A bolsa cubrirá unicamente, e de xeito complementario á financiación propia do PDI visitante, o seu aloxamento e mantenza.

O aloxamento será en habitación individual no Sistema Universitario de Residencias (SUR). No caso de que non haxa dispoñibilidade para as datas da estadia proposta ou a persoa bolseira opte por outro tipo de aloxamento, a USC aboalle o importe correspondente segundo as tarifas vixentes do SUR.

O importe da bolsa en concepto de mantenza calcularase en base aos prezos oficiais dos comedores universitarios e, en todo caso, será do máximo da dieta oficial de manutención (BOE) de 37,40 €/día.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Os/as solicitantes deberán ser docentes da USC e ter o visto e prace do/a director/a do Departamento correspondente.

Cada solicitante poderá presentar unha única solicitude.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes serán presentadas polo membro do PDI solicitante xunto coa documentación requirida a través do **Rexistro electrónico da USC** identificándose coas súas claves persoais.

Acceso ao Rexistro Electrónico da USC:

- A través da web: www.usc.es
- No menú: USC Virtual → Sede Electrónica → Servizos Persoais → Rexistro electrónico.
<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>

Pasos a seguir:

- Farase unha solicitude xeral (non existe Procedemento).
- Órgano ao que vai dirixido: *Oficina de Mobilidade*.
- Asunto da solicitude: *Solicitude Programa Xeral de Mobilidade – 2023*
- Como anexos engadiranse os documentos requiridos no punto 6 desta convocatoria.

Alternativamente, en caso de dificultades técnicas, as solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Lugo), así como nas formas e lugares establecidos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6. DOCUMENTACIÓN

Os/as solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

- A **solicitude** debidamente cumprimentada (**Anexo I**).
- **Currículum vitae** do PDI visitante e resumo das actividades a realizar na USC, destacando o valor/beneficio da estada no ámbito docente e/ou investigador para a USC.
- **Fotocopia do pasaporte** do PDI visitante.

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes rematará **ás 14:00 horas do día 16 de xaneiro de 2023**.

8. COMISIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará integrada pola Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, o Vicerreitor de Política Científica e o Xefe da Oficina de Mobilidade da USC, ou persoas en quen deleguen.

A avaliación das solicitudes presentadas terá en conta, entre outros, a valoración dos seguintes aspectos:

- Viabilidade da obtención de resultados, relevancia da actividade proposta e claridade positiva con resultados concretos e medibles.
- Colaboración previa acreditada coa universidade socia.

9. SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Dentro dos 30 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, a Comisión de Selección publicará na Sede Electrónica da USC a **relación provisional** de solicitudes admitidas e excluídas.

As persoas solicitantes excluídas poderán xustificar o seu dereito a seren admitidas no prazo de **5 días naturais** contados a partir do día seguinte da publicación da relación provisional.

O incumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de exclusión.

10. RESOLUCIÓN

Efectuada a valoración, a Comisión procederá na Sede Electrónica da USC á publicación da proposta provisional de adxudicación das bolsas, coa indicación dunha lista ordenada dos/as candidatos/as seleccionados/as e, de ser o caso, a correspondente lista de agarda.

Contra esta proposta as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días naturais**, contados a partir do día seguinte da súa publicación.

Transcorrido este prazo e analizadas, de ser o caso, as alegacións, a proposta será elevada a definitiva.

A resolución corresponde á Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, en virtude da resolución reitoral do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022.

A resolución de adxudicación coa relación definitiva dos/as candidatos/as seleccionados/as, publicarase na Sede Electrónica da USC. O prazo máximo de resolución será de 1 mes contado a partir do día seguinte á data de publicación da adxudicación provisional. O efecto do silencio administrativo será desestimatorio.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS

As persoas beneficiarias da bolsa deberán:

- Posuír un seguro médico e de responsabilidade civil con validez en España durante todo o período da súa estadía na USC.
- Asinar o **Certificado de chegada e de fin de estadía (Anexo II)**.

Presentar unha **Memoria de seguimento da estadía (Anexo III)**. Este documento deberá ser presentado na Oficina de Mobilidade da USC no prazo de 1 mes a contar dende a data de remate da estadía. Os resultados obtidos poderán ser tidos en conta en futuras convocatorias.

A aceptación da bolsa por parte do/a beneficiario/a implica a aceptación das normas fixadas nesta convocatoria.

12. OBRIGAS DAS PERSOAS SOLICITANTES

A persoa solicitante deberá rexistrar a persoa bolseira no Rexistro de Investigadores Visitantes e, de ser o caso, dala de alta nos Servizos Informáticos da USC.

Así mesmo, o/a solicitante deberá comunicar á Oficina de Mobilidade (international@usc.es) calquera cambio que se efectúe respecto da solicitude presentada, en especial no relativo ás datas da estadía ou á baixa da persoa bolseira no programa.

13. RÉXIME XURÍDICO

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)
A Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización

María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/12/2022 11:21:48.

CSV: 3D97-C08D-41D1-8680